



## **UNICEF entrega no Parlamento un informe sobre infancia e fenda dixital**

**Santiago, 8 de febreiro de 2018.**- A presidenta de UNICEF Galicia, Myriam Garabito, e a responsable de Incidencia Política e Estudos de UNICEF Comité España, Cristina Junquera, entregaron esta mañá ao presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, o informe *Los niños y las niñas de la brecha digital en España*, que analiza as oportunidades e riscos en Internet e afonda nos colectivos máis vulnerables, os nenos e adolescentes.

O presidente do Parlamento agradeceu o documento, que se comprometeu a trasladar aos grupos parlamentarios que integran a Cámara. Miguel Ángel Santalices Vieira sinalou que todas as achegas deste tipo “son sempre benvidas no Lexislativo galego porque contribúen a enriquecer o traballo dos deputados e deputadas”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.